



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 22 de xuño de 2026 **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico

DELGOTINIB TÓPICO

Na indicación da terceira liña de tratamento de adultos con **eccema crónico de mans** (ECM) **grave** de acordo con todos os seguintes criterios:

1. Pacientes adultos.
2. Diagnosticados de ECM(a enfermidade dura máis de 3 meses consecutivos ou recidiva tras a súa resolución completa polo menos 2 veces no mesmo ano).
3. Que manteñen unha adecuada adherencia ás medidas habituais de cuidado da pel, incluídas estratexias de evitación de irritantes e alérxenos relevantes para a súa enfermidade e a aplicación das cremas emolientes con a frecuencia e periodicidade prescritas polo médico responsable.
4. Teñan recibido tratamento previo con corticoides tópicos de alta ou moi alta potencia (clases III ou IV), administrados de forma continuada, con adecuada adherencia, durante un mínimo de 6 semanas e a lo menos un inhibidor tópico da calcineurina.
5. A enfermidade non estea controlada xa que seguen presentando unha puntuación na escala IGA-CHE = 4.

DURACIÓN DO TRATAMENTO:

A gravidade da enfermidade avaliarase polo facultativo responsable en cada visita de seguimento mediante a escala IGA-CHE. En función desta avaliación:

- O tratamento suspenderase cando se acade a remisión das lesións, definida por unha puntuación IGA-CHE de 0 ou 1.
- En caso de recidiva tras a suspensión, o facultativo responsable poderá valorar a reintrodución do tratamento.
- Así mesmo, o tratamento suspenderase nos pacientes:
 - nos que tras 12 semanas de tratamento continuado, non se observa mellora na puntuación de gravidade.
 - nos que se considere indicado un tratamento sistémico para o control do ECM.

Como medida de precaución, recoméndase a vixilancia periódica da pel na zona de aplicación durante o tratamento. Esta vixilancia deberá intensificarse en pacientes con factores de risco de cancro cutáneo non melanoma.



* Situacións excepcionais:

- casos con contraindicación documentada, de acordo coa ficha técnica, para os tratamentos de primeira ou segunda liña, poderá valorarse o uso de delgocitinib crema como alternativa terapéutica.
- tratamento sistémico concomitante con corticoides, inmunosupresores ou inmunomoduladores, retinoides, fármacos biolóxicos ou inhibidores de JAK: Debido á falta de evidencia sobre a seguridade e eficacia da súa utilización en combinación con delgocitinib en crema, estes casos requirirán unha valoración individualizada e un seguimento reforzado dos resultados en saúde e da seguridade do tratamento.

Esta resolución é comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela,

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Xerente da Área Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

